

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**16672** *Lei orgánica 2/2018, do 5 de decembro, para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para garantir o dereito de sufraxio de todas as persoas con discapacidade.*

FELIPE VI  
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

O Estado español garante o dereito de igualdade de trato e non discriminación para todos os cidadáns e cidadás con discapacidade. A propia Constitución española así o establece no seu artigo 14, que proclama a igualdade ante a lei de todos os españois e españolas.

O 3 de maio de 2008 entrou en vigor en España a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que recolle o dereito de igualdade ante a lei no seu artigo 12. Este tratado internacional ten o propósito declarado de promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais para todas as persoas con discapacidade, de acordo co establecido no seu artigo 1. Para iso, garantir a participación plena e efectiva na sociedade das persoas con discapacidade convértese nun elemento esencial para cumprir cos compromisos adquiridos internacionalmente por España.

A este respecto, o exercicio do dereito de sufraxio en igualdade de condicións supón a máxima expresión de participación política dos membros dunha sociedade democrática. Así o recolle o artigo 29 do tratado citado, que comina o Estado a garantir o dereito ao voto en igualdade de condicións para todas as persoas con discapacidade, entre outras formas de participación política e pública.

Por todo iso, a regulación do dereito de sufraxio vixente en España choca neste sentido co principio de igualdade ante a lei consagrado na nosa Constitución, posto que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no seu artigo 3, número 1, alíneas b) e c), dispón:

- «1. Carecen de dereito de sufraxio:
  - b) Os declarados incapaces en virtude de sentenza xudicial firme, sempre que esta declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.
  - c) Os internados nun hospital psiquiátrico con autorización xudicial, durante o período que dure o seu internamento, sempre que na autorización o xuíz declare expresamente a incapacidade para o exercicio do dereito de sufraxio.»

Sobre esta exclusión dun dereito fundamental, o Comité sobre os dereitos das persoas con discapacidade de Nacións Unidas, no exame a que someteu a España en cumprimento do disposto no artigo 35 da Convención, aprobou nas súas observacións derradeiras, na súa 62.<sup>a</sup> sesión, que tivo lugar o 23 de setembro de 2011, a seguinte recomendación respecto do dereito de participación na vida política e pública recollido no artigo 29 do tratado:

«47. Preocúpalle ao Comité que se poida restrinxir o dereito ao voto das persoas con discapacidade intelectual ou psicosocial se a persoa interesada foi privada da súa capacidade xurídica ou foi internada nunha institución. Inquiétao, ademais, que a privación dese dereito pareza ser a regra e non a excepción. O Comité lamenta a falta de información sobre o rigor das normas en materia de proba, sobre os motivos requiridos e sobre os criterios aplicados polos xuíces para privar as persoas do seu dereito de voto. O Comité

observa con preocupación o número de persoas con discapacidade ás cales se lles denegou o dereito de voto.

48. O Comité recomenda que se revise toda a lexislación pertinente para que todas as persoas con discapacidade, independentemente da súa deficiencia, da súa condición xurídica ou do seu lugar de residencia, teñan dereito a votar e a participar na vida pública en pé de igualdade cos demais. O Comité pídelles ao Estado parte que modifique o artigo 3 da Lei orgánica número 5/1985, que autoriza os xuíces a denegaren o dereito de voto en virtude de decisións adoptadas en cada caso particular. A modificación debe facer que todas as persoas con discapacidade teñan dereito a votar. Ademais, recoméndase que todas as persoas con discapacidade que sexan elixidas para desempeñaren un cargo público dispoñan de toda a asistencia necesaria, mesmo asistentes persoais.»

A teor do anteriormente exposto, e de acordo co compromiso adquirido polo Estado español –coa ratificación da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade– de garantir o pleno e efectivo exercicio de todos os dereitos e liberdades fundamentais de todas as persoas con discapacidade, a Asemblea de Madrid, no exercicio da potestade establecida no artigo 87.2 da Constitución, así como da competencia disposta no artigo 16.3.h) do Estatuto de autonomía da Comunidade de Madrid, e de conformidade co establecido nos artigos 175 a 177 do Regulamento da Asemblea de Madrid e 108.3.º do Regulamento do Congreso dos Deputados, exerceu a iniciativa lexislativa ante o Congreso dos Deputados cunha proposición de lei de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, co seguinte texto articulado.

Unha vez tomada en consideración esta proposición de lei polo Pleno do Congreso dos Deputados, e substanciadas as correspondentes fases parlamentarias previas, o Pleno desta cámara aprobou o correspondente texto nos seguintes termos:

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, queda modificada na forma seguinte:

Un. Suprímense as alíneas b) e c) do número 1 do artigo 3.

Dous. O número 2 do artigo 3 quedará redactado da seguinte forma:

«2. Toda persoa poderá exercer o seu dereito de sufraxio activo consciente, libre e voluntariamente, calquera que sexa a súa forma de comunicalo e cos medios de apoio que requira.»

Tres. Engádesse unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«A partir da entrada en vigor da lei de modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral para adaptala á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, quedan sen efecto as limitacións no exercicio do dereito de sufraxio establecidas mediante resolución xudicial fundamentadas xuridicamente no número 3.1, b) e c), da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, agora suprimidas. As persoas ás cales se lles limitase ou anulase o seu dereito de sufraxio por razón de discapacidade quedan reintegradas plenamente nel por ministerio da lei.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN